

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



EXP.: 4799_440

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES PARA CONTRATO DE SUBMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO.

1.- OBXECTO.

É obxecto do presente prego de prescricións técnicas particulares, a regulación dos aspectos técnicos para o subministro das prendas ou elementos vinculados os diversos lotes do contrato de subministro de vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo de diferentes servizos, que garanta a máximas condicións de seguridade e funcionalidade para este persoal, integrándose coas prendas en uso na actualidade, e convenientemente identificadas coas peculiaridades de cada servizo.

2.- REQUISITOS XERAIS PARA O PROCESO DE SUBMINISTRO DAS PRENDAS E ELEMENTOS QUE COMPOÑEN O VESTIARIO DO PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO:

a.- O presente expediente consta de catro LOTES que se atopan identificados por prendas ou elementos conformados por familias de produtos identificados polas súas peculiaridades técnicas, e que se definen nos seguintes lotes:

- **LOTE Nº 1: Calzado;** Conforman este lote todos os elementos definitorios do calzado inherente as necesidades de todos os servizos municipais vinculados ao obxecto deste contrato.
- **LOTE Nº 2: Prendas ou elementos de uniformidade xeral.** Conforman este lote todas as prendas ou elementos definitorios do vestiario inherente as necesidades de todos os servizos municipais vinculados ao obxecto deste contrato.
- **LOTE Nº 3: Roupa de traballo coa condición de EPIs.** Conforman este lote todas as prendas ou elementos definitorios do vestiario inherente as necesidades de todos os servizos municipais vinculados ao obxecto deste contrato, que teñen a condición de equipos de protección individual.
- **LOTE Nº 4: Prendas ou elementos uniformidade específica do servizo de Policía local.** Conforman este lote todas as prendas ou elementos definitorios do vestiario inherente as necesidades do servizo da Policía Local de Vigo de acordo coa *Orde de 22 de xullo de 2010 pola que se establece a descrición e características das distintas pezas de uniformidade dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local de Galicia, así como a imaxe corporativa dos corpos de policía local*".

A división dos lotes anteriores correspóndese coa determinación de prendas ou elementos que pola súa configuración teñan unha identificación propia para a conformar a agrupación de elementos, polo cal, ademais das prendas ou elementos inicialmente indicadas no lote nº 3 **Roupa de traballo coa condición de EPIs**, calquera dos elementos incluídos nos demais lotes poderán ter tamén a condición de EPI de acordo coa definición do artigo 2.1 do Real Decreto 773/1197, de 30 de maio, sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas a utilización polos traballadores ou



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo


Data impresión: 23/02/2018 10:02

Páxina 1 de 18

Aprobado en Xunta de Goberno do 22/02/2018

CSV: 23EC4-88DA8-C82A5-C8D3B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



traballadoras de equipos de protección individual como “calquera equipo destinado a ser levado o suxeito polo traballador que lle protexa de un ou varios riscos que podan ameazar a súa seguridade ou saúde, así como calquera complemento o accesorio destinado a tal fin.” Polo exposto neste caso a prenda ou elemento a subministrar deberá cumprir coas obrigas indicadas no apartado c) seguinte.

b.- Como anexo a este PPTP, se achegan unhas fichas individualizadas por cada un dos elementos ou prendas que conforman cada LOTE.

Estas fichas establecen as condicións básicas dos requisitos técnicos, tanto na estruturación e confección das prendas, como das condicións técnicas dos tecidos a empregar, polo cal ao tratarse dunha subministración sucesiva e por prezo unitario, sen que a contía total se defina con exactitude, por estar subordinadas as entregas ás necesidades finais dos diversos servizos municipais, o orzamento indicado correspóndese cunha estimación das necesidades anuais previstas, pero sempre cun carácter orientador, e no limitador dos materiais que o Concello de Vigo poda requirir do adxudicatario do contrato. Cando por necesidades xustificadas polo servizo o que se refira o subministro, se requira unha prenda ou elemento vinculado coas obrigas do vestiario, e o mesmo non figure no cadro de prezos dos anexos do PPTP, pero as súas condicións se atopen referenciadas dentro de algunha das familias de produtos contemplados en cada un dos lotes obxecto deste contrato, o adxudicatario terá a obriga de subministrar os materiais requiridos polo Concello de Vigo, coas mesmas condicións de calidade das prendas definidas para o citado lote, así como nos mesmos prazos de entrega. Esta condición terá unha incidencia determinante cando as condicións esixidas polo Concello se atopen relacionadas coa necesidade de dar cumprimento a normativa en materia de seguridade e saúde laboral.

Así mesmo estas fichas indican as referencias xerais dos condicionantes en relación o color das prendas ou a identificación das mesmas coa imaxe corporativa do Concello de Vigo.

c.- As fichas descritivas do LOTE nº 3 Roupas de traballo coa condición de EPIs, establecen unha orientación sobre os condicionantes e requisitos básicos que deben de cumprir en relación a lexislación vixente sobre as prendas que teñen a condición de equipos de protección individual. Ditas referencias poden ser adecuadas por necesidades de cambios na normativa legal, ou pola aplicación da prenda ou elemento en algunha función de traballo que o determine.

En relación a estas prendas ou elementos da vestimenta coa condición de equipos de protección individual, o adxudicatario deberá garantir que as prendas ou elementos subministrados, en relación os pedidos que se formalicen de acordo as necesidades de cada servizo, cumpren coa normativa vixente de aplicación para o cal se deberán ter en conta as seguintes referencias reguladoras:

- "Regulamento (UE) 2016/425 do Parlamento Europeo e do Consello, de 9 de marzo de 2016, relativo aos equipos de protección individual e polo que se derroga a Directiva 89/686/CEE do Consello..
- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- Real Decreto 1407/1992, de 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo


Data impresión: 23/02/2018 10:02

Páxina 2 de 18

Aprobado en Xunta de Goberno do 22/02/2018

CSV: 23EC4-88DA8-C82A5-C8D3B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



- Real Decreto 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual.
- Directiva 89/686/CEE do Consello, de 21 de decembro de 1989, sobre aproximación das lexislación dos Estados Membros relativas os equipo de protección individual.

Así como as normas UNE, UNE-EN e UNE-ISO que estean vixentes en cada momento para cada EPI concreto.

De acordo coa condición recollida no apartado b) deste punto o cumprimento das esixencias relativas o cumprimento específico da normativa indicada será de aplicación a calquera elemento dos incluídos nos demais lotes, cando ou elemento ou prenda a subministrar sexa un EPI ao relacionarse dito elemento ou prenda coa necesidade de dar cumprimento a normativa en materia de seguridade e saúde laboral.

d.- Os licitadores deberán de presentar na súa oferta técnica unha ficha técnica individualizada por cada un dos elementos a subministrar de acordo co establecido para cada LOTE, a cal deberá indicar de maneira detallada os condicionantes técnicos da confección da prenda, así como dos condicionantes técnicos dos tecidos a empregar.

e.- As prendas, nas súas medidas e características, deberán adaptarse a todos e cada un dos usuarios finais, polo cal o adxudicatario será o responsable do proceso de toma de tallas e medidas de todo o persoal afectado por este subministro.

f.- Todos os medios necesarios para o proceso de toma de tallas e medidas, serán de responsabilidade do adxudicatario o cal deberá dispoñer da estrutura adecuada para o cumprimento dos prazos establecidos neste PPTP. Dito proceso será desenvolto polo adxudicatario en coordinación co responsable de cada servizo, o cal lle indicará o adxudicatario as peculiaridades que podan limitar este proceso, en relación as quendas de traballo.


g.- As características, cores, bandas reflectantes, logotipos, xerigrafías e outros distintivos das prendas serán compatibles e acordes coas existentes nas prendas en uso na actualidade. Para elo, os licitadores deberán adaptar estas características das mesmas previa solicitude e xustificación por parte do responsable do servizo ao que vai destinado a prenda o considera necesario.

h.- En relación as prendas do LOTE nº 4 Prendas ou elementos uniformidade específica do servizo de Policía local, o licitador deberán atender con carácter xeral as normas establecidas na "Orde de 22 de xullo de 2010 pola que se establece a descrición e características das distintas pezas de uniformidade dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local de Galicia, así como a imaxe corporativa dos corpos de policía local" e de forma específica as peculiaridades descritas nas fichas incluídas no anexo deste lote. As prendas ou elementos non definidos por fichas individualizas terán como referencia xenérica a Orde do 22/07/2010.

3.- OBRIGAS PARA O PROCESO DE TOMA DE TALLAS E MEDIDAS:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/02/2018 10:02	Páxina 3 de 18
Aprobado en Xunta de Goberno do 22/02/2018	CSV: 23EC4-88DA8-C82A5-C8D3B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



O licitador deberá proceder a desenvolver a súa proposta para o procedemento de toma de tallas e medidas do persoal adscrito a cada un dos servizos municipais vinculados con este contrato, para o cal deberá establecer cales serán os medios (persoas e medios materiais) que dispoñerá para a realización operativa deste proceso. Dito proceso deberá ser realizado mediante unha ferramenta informática que o licitador deberá poñer a disposición do Concello de Vigo, a cal deberá garantir a maior capacidade de xestión deste proceso, establecendo como mínimo:

- Ficha individualizada de cada traballador ou traballadora, na cal deberá constar unha codificación de identificación, así como todas as tallas e medidas para cada unha das prendas ou elementos que conformen o vestiario que lle corresponda. Dito proceso deberá permitir a emisión desta ficha para a súa comprobación por parte do traballador ou traballadora, así como a súa conformidade.
- Ficha individualizada de cada prenda ou elemento a subministrar. Esta ficha deberá posibilitar a definición das condicións técnicas, determinadas tanto polas condicións da confección como da calidade dos tecidos que a compoñen. Así mesmo deberá de incluír unha descrición gráfica do seu deseño.
- Control de entrega das prendas: o sistema proposto deberá posibilitar un proceso de control sobre as prendas ou elementos que conforman cada pedido unha vez finalizados os procesos de toma de tallas. Así mesmo deberá realizar un control sobre a entrega dos materiais ao Concello de Vigo, así como a recepción dos mesmos por parte do traballador ou traballadora. Todo este proceso deberá posibilitar o control dos subministros a través dun "albarán electrónico", que se atopará vinculado a xustificación no proceso de facturación.
- Dita ferramenta informática para a xestión dos procesos de toma de tallas e medidas, así como procesos de entrega deberá posibilitar un acceso directo do persoal do Concello de Vigo responsable das distintas fases do proceso.

4.- ENTREGA DE FICHAS DESCRITIVAS DAS PRENDAS OU ELEMENTOS A SUBMINISTRAR E ENTREGA DE MOSTRAS:


Tendo en conta a enorme dispersión de prendas ou elementos que conforman cada un dos lotes obxecto deste contrato, o licitador na súa oferta deberá achegar unha ficha técnica descritiva das características da prenda ofertada, a cal deberá adecuarse as condicións básicas definidas nos anexos deste prego.

Así mesmo o licitador terá a obriga de presentar ademais da ficha técnica, unha mostra física, para as prendas ou elementos a ofertar que se atopen identificados neste prego coa condición de "obligatorio mostra". A presentación destas mostras correspóndese coa necesidade de proceder a realización do proceso de avaliación dos criterios de xuízo de valor definidos no PCAP, para estas prendas, nos cales buscase identificar ademais os aspectos da funcionalidade e comodidade da prenda.

Cada unha das prendas a ofertar deberá ter a súa ficha técnica descritiva, que deberá garantir o



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/02/2018 10:02	Páxina 4 de 18
Aprobado en Xunta de Goberno do 22/02/2018	CSV: 23EC4-88DA8-C82A5-C8D3B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



cumprimento dos requisitos mínimos definidos nos anexos deste prego, así como deberá engadirse as condicións definitorias das calidades.

As fichas técnicas deberán conter:

a.- Descrición técnica da prenda ou elemento a ofertar en relación as peculiaridade da súa confección.

b.- Descrición específica das características técnicas dos tecidos a empregar na confección das prendas ou elementos. O licitador deberá identificar co maior grado de detalle, aqueles valores que teñen unha incidencia directa sobre a calidade dos tecidos que conforman a proposta realizada para cada prenda ou elemento a subministrar, e como mínimo deberá comprender:

1.- Descrición dos valores cualitativos e cuantitativos da composición das fibras, masa laminar dos tecidos.

2.- Valores que incidan na durabilidade. Resistencia dos tecidos, solidez das tinturas, etc.

3.- Valores que incidan na funcionalidade e confortabilidade. Resistencia a penetración da auga, Resistencia térmica, transpirabilidade, capacidade de absorción de auga, capacidade antibacteriana dos tecidos principais.

c.- Para as prendas identificadas coa condición de "obligatorio mostra". O licitador deberá de achegar ademais da descrición técnica, unha xustificación acreditativa da certificación de ensaio realizados por laboratorios homologados para garantir o cumprimento dos valores aportados nas fichas técnicas. Este requisito non terá a condición de excluínte e soamente terá como obxecto a avaliación correspondente de acordo cos criterios que se establezan no PCAP.

d.- En relación as prendas ou elementos que conformen os equipo de protección individual (EPE) en calquera dos lotes, o licitador deberá garantir o cumprimento das esixencias específicas da normativa vixente de aplicación

5.- ENTREGA DOS MATERIAS:

As entregas do materias correspondentes a cada lote, terán a condición de entregas parciais. Ditas entregas verán determinadas pola conformidade da orde de pedido concreto en relación as necesidades de cada un dos servizos municipais vinculados a este contrato. As ordes de pedidos realizados en relación aos EPI, para calquera do lotes, antes de ser cursadas ao adxudicatario, deberán ser conformada polo servizo municipal de "Prevención de Riscos Laborais" ao obxecto de adecuar o pedido as peculiaridades de cada posto de traballo, para garantir o cumprimento da normativa vixente de aplicación. Así mesmo o adxudicatario deberá entregar as mostras que sexan requiridas ao efecto de acreditar o cumprimento da normativa de aplicación.

En relación ao proceso de entrega de calquera prenda ou elemento coa determinación de EPI, o adxudicatario deberá garantir o cumprimento do requirido no novo regulamento (UE) 2016/425, en relación a entrega dun folleto informativo do fabricante para cada EPI (por unidade de prendas entregadas). Así mesmo deberá facilitar un modelo de "declaración de conformidade", esixible a



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo


Data impresión: 23/02/2018 10:02

Páxina 5 de 18

Aprobado en Xunta de Goberno do 22/02/2018

CSV: 23EC4-88DA8-C82A5-C8D3B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



partir da entrada en vigor (21/04/2018) do novo regulamento (UE) 2016/425, o cal poderá acompañarse a cada equipo o ser facilitado para estar dispoñible na intranet do Concello de Vigo.

O licitador deberá proceder a presentar para o proceso de toma de tallas e medidas as mostras definitivas, que deberá ser da mesma calidade e características que o definido no presente prego, e sempre de acordo coa descrición técnica ofertada polo adxudicatario no caso de ser superior os requisitos establecidos neste prego.

O licitador unha vez finalizado o proceso de toma de tallas e medidas, e conformada polo servizo que demanda as prendas o pedido, deberá dentro do prazo definido, proceder a efectuar a entrega das prendas ou elementos debidamente clasificados e identificados en relación as peculiaridades definidas en cada pedido.

O cadro de prendas ou elementos definido nos anexos deste prego, se refiren a unha relación dos elementos ou materiais mas habituais requiridos por cada un dos servizos vinculados a este expediente, e de acordo ca referencia de necesidades dos últimos anos, e as condicións en cada posto de traballo. Esta relación en canto ao número ten carácter orientador, e no limitador dos materias que o Concello de Vigo poda requirir do adxudicatario do contrato. Ademais en relación a tipoloxía das prendas ou elementos definidos nestes anexos, e cando por necesidades xustificadas polo servizo o que se refira o subministro, se requira unha prenda ou elemento vinculado coas obrigas do vestiario, e o mesmo non figure no cadro de prezos dos anexos do PPTP, pero as súas condicións se atopen referenciadas dentro de algunha das familias de produtos contemplados en cada un dos lotes obxecto deste contrato, o adxudicatario terá a obriga de subministrar os materias requiridos polo Concello de Vigo, coas mesmas condicións de calidade das prendas definidas para o citado lote, así como nos mesmos prazos de entrega.


No proceso de entrega dos diversos elementos que compoñen os diversos lotes do vestiario o adxudicatario deberá de entregar con cada pedido parcial as prendas coas identificacións necesarias para facilitar no seu caso a entrega a cada traballador ou traballadora, de acordo coa ficha individual do mesmo, así mesmo deberá de entregar dependendo da clasificación das prendas dos requisitos específicos de uso e conservación. Todas e cada unha das prendas ou elementos entregados deberá conter a etiqueta correspondente a correcta identificación das calidades e condición de conservación e uso.

As entregas acreditaranse mediante un certificado de recepción, a conformar polo responsable do servizo xestor do vestiario a entregar, e coa conformidade do adxudicatario. Non se considerará debidamente aceptada a entrega de aquel material no que se observara algunha deficiencia, e ata que estas non foran emendadas, o adxudicatario deberá proceder a súa retirada ou a substituílo se fose necesario, todo o cal efectuarase por conta e risco do adxudicatario. En relación a certificación da entrega do material, o adxudicatario terá á obriga de achegar con cada entrega un arquivo informático (albarán electrónico en formato XML) dos materiais subministrados de acordo coas especificacións técnicas indicadas polo responsable do contrato.

Segundo os tipos de prendas, estas serán entregadas nos seguintes locais municipais:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/02/2018 10:02	Páxina 6 de 18
Aprobado en Xunta de Goberno do 22/02/2018	CSV: 23EC4-88DA8-C82A5-C8D3B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



- Casa Consistorial do Concello de Vigo: Praza do Rei s/n.
- Parque Central Santa Cristina: Rúa Bagunda nº 1.
- Parque Central de Bombeiros de Teis: Rúa Ángel Leima y Marina nº 46.
- Parque Auxiliar de Bombeiros de Balaídos: Estadio de Balaídos.
- Complexo deportivo das Travesas. Avda de Castrelos nº 1.
- Vigo Zoo. Plaza de Los Leones, s/n

Nembargantes, se o estima necesario o responsable do Servizo ao que van destinadas as prendas ou elementos, poderá establecerse calquera outro local municipal que se considere oportuno; en tal caso o Concello de Vigo comunicará, previamente á empresa adxudicataria, o lugar de entrega definitivo no momento da confirmación do pedido.

6.- ENSAIOS E PROBAS SOBRE A CALIDADE DOS ELEMENTOS SUBMINISTRADOS:

Cando existan discrepancias sobre o cumprimento das características técnicas dos materias a subministrar e as mesmas se considere que minoran as calidades ofertadas, con carácter xeral, e a xuízo do responsable do contrato, poderán solicitarse ao adxudicatario a realización das probas ou ensaios que se consideren necesarios para a acreditación da calidade das prendas, sendo de responsabilidade do adxudicatario os custes que se deriven das probas.

7.- GARANTIAS:

Todas e cada unha das prendas asegurarán unha durabilidade mínima de 2 anos para o uso normal ao que van destinadas. De producirse deterioro algún fora do desgaste normal do seu uso, o adxudicatario deberá substituír a prenda ou prendas deterioradas tendo en conta as características das mesmas.

O período de garantía para calquera prenda ou elemento, de calquera dos lotes, que teña a necesidade de dar cumprimento a normativa en materia de seguridade e saúde laboral, e polo tanto defínase como EPI, quedará determinado ademais pola caducidade que o fabricante do elemento determine. Polo cal, a durabilidade destes elementos ou prendas estará vinculadas ademais á perda das condición de protección de cada equipo, o cal será variable, non podendo quedar determinado a un prazo concreto de garantía.


8.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA E LUGAR:

Para a execución deste contrato establécense os seguintes prazos de execución parciais os cales deberán ser establecidos polo licitador na súa oferta e non poderán ser superiores os indicados nos seguintes apartados:

Prazo para o proceso de toma tallas e medidas: O adxudicatario deberá desenvolver este proceso no prazo máxima de 20 días hábiles dende o día seguinte da entrega por parte do responsable do contrato do listado de traballadores/as vinculados a cada servizo municipal. Este proceso deberá concluír coa conformación dun listado de fichas individuais por cada persoa, en relación as prendas ou elementos a subministrar, así como un resumen do número de prendas identificadas o número



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 23/02/2018 10:02	Páxina 7 de 18
Aprobado en Xunta de Goberno do 22/02/2018	CSV: 23EC4-88DA8-C82A5-C8D3B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



de unidades e tallas.

Prazos para a entrega: Estes prazos estableceranse en relación a cada pedido parcial de subministro de prendas, o cal será contabilizado dende a recepción polo adxudicatario da conformidade de cada servizo despois de realizada a fase do proceso de toma de tallas e medidas. O adxudicatario disporá dun prazo máximo de 60 días para a entrega das prendas ou elementos referentes a confirmación do pedido. As prendas serán entregadas dentro deste prazo, convenientemente, de acordo coas condicións definidas para a entrega (individual –por cada traballador ou traballadora, ou conxunta). Todas e cada unha das prendas ou elementos entregados deberá conter a etiqueta correspondente coa correcta identificación das calidades e condición de conservación e uso.

Segundo os tipos de prendas, estas serán entregadas de acordo coas indicación referidas no documento de conformidade e pedido realizado, sendo habitual as seguintes dependencias municipais:

- Casa Consistorial do Concello de Vigo: Praza do Rei s/n.
- Parque Central Santa Cristina: Rúa Bagunda nº 1.
- Parque Central de Bombeiros de Teis: Rúa Ángel Leima y Marina nº 46.
- Parque Auxiliar de Bombeiros de Balaídos: Estadio de Balaídos.
- Complexo deportivo das Travesas. Avda de Castrelos nº 1.
- Vigo Zoo. Plaza de Los Leones, s/n

Nembargantes, se o estima necesario o Xefe responsable do Servizo ao que as prendas van destinadas, poderá establecerse calquera outro local municipal que se considere oportuno; en tal caso o Concello de Vigo comunicará, previamente á empresa adxudicataria, o lugar de entrega definitivo 5 días antes da mesma.

Forman parte deste prego os anexos correspondentes a enumeración das prendas ou elementos que constitúen o obxecto deste contrato, así como as fichas individualizadas para a descrición xenérica das prendas ou elementos que conforman cada un dos lotes de acordo a seguinte distribución:

LOTE Nº 1: Calzado; Conforman este lote todos os elementos definitorios do calzado inherente as necesidades de todos os servizos municipais vinculados ao obxecto deste contrato.

Codificación FICHA	Solicitud de Mostra	Descrición da prenda ou elemento	Unidades	Prezo Unitario c/IVE	Importe c/IVE
LOTE Nº 1 Bomb	30	Obrigatorio mostra Zapatillas running	130,00	60,00 €	7.800,00 €
LOTE Nº 1 Bomb	24	Obrigatorio mostra Zapato S3 SRC WR	130,00	54,00 €	7.020,00 €
LOTE Nº 1 C_art	12	Zapato s3 deportivo	4,00	58,00 €	232,00 €
LOTE Nº 1 C_art	13	Zapato hombre invierno trabajo	4,00	58,00 €	232,00 €
LOTE Nº 1 Cdmo	22	Zapato sanitario S1+F0	7,00	25,00 €	175,00 €
LOTE Nº 1 Cmter	41	Botas agua S5	15,00	17,00 €	255,00 €
LOTE Nº 1 Cmter	42	Obrigatorio mostra Botas seguridad S3	30,00	60,00 €	1.800,00 €
LOTE Nº 1 Cmter	43	Zapatos negros S3	30,00	58,00 €	1.740,00 €
LOTE Nº 1 Csxer	62	Calzado deportivo tipo tenis de serraje	55,00	40,00 €	2.200,00 €



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/02/2018 10:02

Páxina 8 de 18

Aprobado en Xunta de Goberno do 22/02/2018

CSV: 23EC4-88DA8-C82A5-C8D3B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



LOTE Nº 1	Dxt	65	Obrigatorio mostra	Bota seguridad sb sbp s3 mantenimiento	76,00	57,00 €	4.332,00 €
LOTE Nº 1	Dxt	66		Calzado S1P mantenimiento	65,00	58,00 €	3.770,00 €
LOTE Nº 1	Dxt	88	Obrigatorio mostra	Zapato femenino O2 conserjería	40,00	54,00 €	2.160,00 €
LOTE Nº 1	Dxt	89	Obrigatorio mostra	Zapato masculino O2 conserjería Invierno/Verano	150,00	54,00 €	8.100,00 €
LOTE Nº 1	Dsfc	98	Obrigatorio mostra	Bota de seguridad S3+SRC+WR	7,00	60,00 €	420,00 €
LOTE Nº 1	Dsfc	100		Zapato S3+SRC	9,00	58,00 €	522,00 €
LOTE Nº 1	Dsfc	103		Zapatillas aplicación D.D. en pisada	7,00	38,00 €	266,00 €
LOTE Nº 1	Dsfc	113	Obrigatorio mostra	Botas vadeador S5+SRC	5,00	81,00 €	405,00 €
LOTE Nº 1	Edc	114		Zapatos de seguridad S3+SRC	100,00	58,00 €	5.800,00 €
LOTE Nº 1	Edc	115	Obrigatorio mostra	Bota trekking S3+CI+SRC	95,00	60,00 €	5.700,00 €
LOTE Nº 1	Edc	116		Bota de agua S5+SRC	48,00	17,00 €	816,00 €
LOTE Nº 1	Edc	117		Zapato urbano invierno O2	9,00	54,00 €	486,00 €
LOTE Nº 1	Edc	118	Obrigatorio mostra	Zapato urbano verano O2	9,00	54,00 €	486,00 €
LOTE Nº 1	Elec	154		Botas seguridad S3	11,00	57,00 €	627,00 €
LOTE Nº 1	Lab	163		Zapato sanitario S1+F0	7,00	25,00 €	175,00 €
LOTE Nº 1	Lab	164	Obrigatorio mostra	Botas de seguridad S3+CI+H+SRC	1,00	60,00 €	60,00 €
LOTE Nº 1	Lab	166		Zapato tipo deportivo S3+SRC Verano	1,00	58,00 €	58,00 €
LOTE Nº 1	Mto	173		Zapatos deportivos S3	5,00	58,00 €	290,00 €
LOTE Nº 1	Mdamb	183		Bota vadeador	3,00	81,00 €	243,00 €
LOTE Nº 1	Mdamb	199		Bota de agua S5+SRC	14,00	17,00 €	238,00 €
LOTE Nº 1	Mdamb	200		Bota de seguridad anticorte S3+SRA+C1+H1+HRO	4,00	85,00 €	340,00 €
LOTE Nº 1	Mdamb	201	Obrigatorio mostra	Bota seguridad S3+SRC+WR	14,00	60,00 €	840,00 €
LOTE Nº 1	Mdamb	202		Calzado seguridad tipo trekking S3+C1+H1+SRC	14,00	60,00 €	840,00 €
LOTE Nº 1	Mov	208	Obrigatorio mostra	Zapato trabajo O2	16,00	54,00 €	864,00 €
LOTE Nº 1	Mov	209		Bota trabajo O2	16,00	54,00 €	864,00 €
LOTE Nº 1	Museo	214	Obrigatorio mostra	Zapato invierno	11,00	58,00 €	638,00 €
LOTE Nº 1	Ptrim	225	Obrigatorio mostra	Bota seguridad S3+SRC+WR	5,00	60,00 €	300,00 €
LOTE Nº 1	Ptrim	226		Bota de agua S5+SRC	3,00	17,00 €	51,00 €
LOTE Nº 1	Ptrim	227		Botas seguridad S3+SRA+C1+H1+HRO	5,00	85,00 €	425,00 €
LOTE Nº 1	Limp	252		Bota media caña protección S3	35,00	57,00 €	1.995,00 €
LOTE Nº 1	Limp	253		Bota seguridad S3	35,00	57,00 €	1.995,00 €
LOTE Nº 1	Limp	254	Obrigatorio mostra	Bota trekking S3	35,00	57,00 €	1.995,00 €
LOTE Nº 1	Limp	261	Obrigatorio mostra	Deportivo botín S3	35,00	58,00 €	2.030,00 €
LOTE Nº 1	Vias	276		Zapato seguridad S1	31,00	45,00 €	1.395,00 €
LOTE Nº 1	Vias	278		Botas de agua S5	20,00	20,00 €	400,00 €
LOTE Nº 1	Vias	279	Obrigatorio mostra	Botas S3 apertura fácil soldadores	5,00	60,00 €	300,00 €
LOTE Nº 1	Vias	280	Obrigatorio mostra	Botas seguridad S3 invierno albañiles, carpinteros	20,00	60,00 €	1.200,00 €
LOTE Nº 1	Vias	281		Botas trekking S3 verano albañiles	20,00	60,00 €	1.200,00 €
LOTE Nº 1	Vias	291		Zapato S3 masculino verano	30,00	58,00 €	1.740,00 €
LOTE Nº 1	Vias	292		Zapato S3 masculino invierno	30,00	58,00 €	1.740,00 €
LOTE Nº 1	P_xard	325	Obrigatorio mostra	Bota seguridad S3+SRC+WR	35,00	60,00 €	2.100,00 €
LOTE Nº 1	P_xard	326		Calzado seguridad tipo trekking S3+C1+H1+SRC	35,00	60,00 €	2.100,00 €
LOTE Nº 1	Paqmv	331		Bota S3 mecánico	5,00	57,00 €	285,00 €
LOTE Nº 1	Paqmv	333		Zapato masculino tipo deportivo S1 P SRC mecánico	5,00	45,00 €	225,00 €
LOTE Nº 1	Paqmv	336		Bota S3 trabajos fuera del camión	55,00	54,00 €	2.970,00 €



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 23/02/2018 10:02

Páxina 9 de 18

Aprobado en Xunta de Goberno do 22/02/2018

CSV: 23EC4-88DA8-C82A5-C8D3B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



			conductor			
LOTE Nº 1	Paqmv	337	Obrigatorio mostra Bota 02 para conducir	55,00	57,00 €	3.135,00 €
LOTE Nº 1	Paqmv	338	Zapato masculino S3 SRC conductores	55,00	58,00 €	3.190,00 €
LOTE Nº 1	Vgzo	329	Bota seguridad S3	20,00	57,00 €	1.140,00 €
LOTE Nº 1	Vgzo	330	Obrigatorio mostra Botas de agua S3+SRC	12,00	17,00 €	204,00 €
LOTE Nº 1	X_Pqct	276	Obrigatorio mostra Botas trekking S3	15,00	60,00 €	900,00 €
						93.809,00 €

Codificación FICHA			Solicitude de Mostra	Descrición da prenda ou elemento	Unidades	Prezo Unitario c/IVE	Importe c/IVE
LOTE Nº 2	Bomb	5		Calcetines termicos	400,00	5,00 €	2.000,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	26	Obrigatorio mostra	Polo manga larga	250,00	35,00 €	8.750,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	25		Polo manga larga mandos	32,00	35,00 €	1.120,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	23		Polo manga corta	450,00	35,00 €	15.750,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	22	Obrigatorio mostra	Polo manga corta mandos	65,00	35,00 €	2.275,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	14	Obrigatorio mostra	Forro polar	250,00	45,00 €	11.250,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	13	Obrigatorio mostra	Forro polar mandos	16,00	75,00 €	1.200,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	19	Obrigatorio mostra	Pantalón parque definitivo	400,00	68,00 €	27.200,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	12		Cinturon	135,00	12,00 €	1.620,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	8		Camiseta	400,00	25,00 €	10.000,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	18		Pantalón corto deportes	130,00	20,00 €	2.600,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	10	Obrigatorio mostra	Chandal	130,00	60,00 €	7.800,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	9	Obrigatorio mostra	Cazadora	130,00	180,00 €	23.400,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	17	Obrigatorio mostra	Pantalon Bermuda -pantalón corto parque	130,00	50,00 €	6.500,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	16	Obrigatorio mostra	Pantalon Bermuda Mergullo	27,00	50,00 €	1.350,00 €
LOTE Nº 2	Bomb	21		Polo manga corta buceadores/mergullo	54,00	33,00 €	1.782,00 €
